

**Resolución da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se aproba a relación definitiva de persoas admitidas e excluídas e o baremo definitivo no procedemento para a elaboración das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia en diversas especialidades do corpo de profesores de ensino secundario (590) e do corpo, a extinguir, de profesores técnicos de formación profesional (591),(código de procedemento ED003A).**

Mediante Resolución do 25 de xaneiro de 2023, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, convocouse un procedemento para a elaboración das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia correspondente ás seguintes especialidades do corpo de profesores de ensino secundario e do corpo, a extinguir, de profesores técnicos de formación profesional (código de procedemento ED003A):

a) Corpo de profesores de ensino secundario

CÓDIGO DA ESPECIALIDADE	DENOMINACIÓN DA ESPECIALIDADE
590015	Portugués
590109	Navegación e instalacións mariñas
590111	Organización e Procesos de Mantemento de Vehículos
590112	Organización e Proxectos de Fabricación Mecánica

b) Corpo, a extinguir, de profesores técnicos de formación profesional

CÓDIGO DA ESPECIALIDADE	DENOMINACIÓN DA ESPECIALIDADE
591204	Fabricación e Instalación de Carpintería e Moble
591205	Instalación e Mantemento de Equipamentos Térmicos e de Fluídos
591209	Mantemento de Vehículos
591210	Máquinas, Servizos e Producción
591211	Mecanizado e Mantemento de Máquinas
591217	Patronaxe e Confección
591223	Producción de Artes Gráficas

Mediante resolución do 16 de febreiro de 2023 da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, aprobouse a relación provisional de persoas admitidas e excluídas e o baremo provisional no citado procedemento.

Logo de rematado o prazo para formular reclamacións contra a citada relación provisional e revisadas as reclamacións que formularon as persoas interesadas, procede aprobar a relación definitiva de persoas admitidas e excluídas e o baremo definitivo no citado procedemento, e facelas



públicas no portal da Internet desta consellería, de acordo co disposto na base oitava da citada convocatorias.

En consecuencia, esta dirección xeral

RESOLVE:

Primeiro.- Aprobar e facer pública no portal da Internet da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades [www.edu.xunta.gal](http://www.edu.xunta.gal) a relación definitiva de persoas admitidas e excluídas e o baremo definitivo das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia nas anteditas especialidades.

Segundo.- De acordo co disposto na base oitava da convocatoria pola que se acordou a apertura deste procedemento para a elaboración das listas de interinidades e substitucións, as persoas interesadas poderán, contra esta resolución, que lle pon fin a vía administrativa, formular un recurso de reposición que presentarán obrigatoriamente por medios electrónicos a través do modelo normalizado do procedemento ED003A, opción "recurso de reposición", accedendo á carpeta do cidadán da persoa interesada dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=ED003A&ano=2020&numpub=1&lang=gl>) a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>), no prazo dun (1) mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación no portal de Internet da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades <https://www.edu.xunta.gal>, ante a persoa titular da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, de acordo cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou directamente un recurso contencioso administrativo no prazo de dous meses, a contar dende a mesma data, ante o xulgado do contencioso administrativo que sexa competente de conformidade coa Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela

O director xeral de Centros e Recursos Humanos

Jesús Manuel Álvarez Bértolo

